

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se resolve provisionalmente o concurso de traslados específico entre persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria, de educación primaria e de educación especial dependentes desta consellería (código de procedemento ED013A).

Mediante Orde do 5 de novembro de 2021 foi convocado concurso de traslados específico entre o persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria, de educación primaria e de educación especial dependentes desta consellería (código de procedemento ED013A) (DOG núm. 219, do 15 de novembro).

A base décimo cuarta, sobre resolución provisional do concurso, establece que unha vez recibidas na Consellería de Cultura, Educación e Universidade as actas da Comisión Avaliadora, coas puntuacións asignadas ao persoal concursante, procederase, conforme as peticións e os méritos do persoal participante, á adxudicación dos destinos e farase pública mediante resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal/).

Na súa virtude, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Adxudicar destino provisional ao persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura de departamento de orientación nos centros que se especifican na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal/).

Segundo. Publicar as relacións provisionais de persoas excluídas na páxina web desta consellería polas causas que se indican.

Terceiro. Contra esta resolución provisional, segundo o establecido na base décimo quinta da Orde de 5 de novembro de 2021, o persoal concursante poderá presentar reclamacións á resolución provisional por medios electrónicos mediante o trámite activado para este efecto na Carpeta cidadá no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da adxudicación provisional na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (www.edu.xunta.gal/).

Así mesmo, neste prazo de dez (10) días hábiles desde o día seguinte ao da publicación da adxudicación provisional, poderán presentar renuncia á súa participación no concurso por medios electrónicos mediante o trámite activado para este efecto na Carpeta cidadá. Esta renuncia afectará a todas as peticións consignadas na súa solicitude de participación. A renuncia deberá realizarse tamén, dentro deste mesmo prazo na páxina web do concurso (www.edu.xunta.es/cxt) na lapela habilitada para estes efectos.



As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso, deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non o facer, poderán obter destino na resolución definitiva, cos efectos previstos na base décimo sexta da Orde do 5 de novembro de 2021.

Cuarto. O persoal funcionario do corpo de mestres que estea participando simultaneamente nesta convocatoria e na realizada pola Orde do 26 de outubro de 2021, pola que se convoca o concurso xeral de traslados (DOG núm. 214, do 8 de novembro) e que obteña praza definitiva da xefatura de departamento de orientación, entenderase que renuncia á participación no concurso xeral de traslados.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

